



GREENPEACE

CRISE A TODA COSTA 2024

**ANÁLISE DA SITUACIÓN DO LITORAL PERANTE
OS RISCOS DA EMERXENCIA CLIMÁTICA**

GALIZA

EXTRAÍDO DO INFORME **“CRISIS A TODA COSTA 2024. ANÁLISIS DE LA SITUACIÓN DEL LITORAL ANTE LOS RIESGOS DE LA EMERGENCIA CLIMÁTICA**

**O CAMBIO CLIMÁTICO
ESTÁ A SOMETER A COSTA
A FORTES PRESIÓNS**



GALIZA

A costa galega esténdese ao longo de 1 498 quilómetros. Presenta 694 quilómetros de praias e o resto son cantís, marismas, zonas húmidas, desembocaduras de ríos e zonas artificiais. A dureza do clima en comparación coa vertente mediterránea, especialmente fóra das rías, contribuíu a que Galicia presente unha das costas mellor preservadas, aínda que menos protexidas. En máis do 40 % da súa costa non existe ningunha figura de protección da natureza.

Totalmente contraposta a esa conservación está a celulosa de **ENCE, unha das empresas máis contaminantes de Galicia**. Un dos episodios máis vergoñosos da historia galega, que conta como unha negligente e interesada xestión pública desprezou os recursos naturais e a biodiversidade, reprimiu as protestas de milleiros de persoas e acabou sepultando e contaminando unha das marismas máis maravilosas desde hai 60 anos.

Segundo a Lei de costas, todas as instalacións sen unha localización alternativa ao litoral debían abandonar a costa no ano 2018, pero grazas a unha

modificación da Lei aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy en funcións tras sufrir unha moción de censura, ENCE obtivo unha prórroga da súa concesión para ocupar o dominio público.

Greenpeace, xunto co Concello de Pontevedra e a Asociación Pola Defensa da Ría, conseguiron que a Audiencia Nacional anulase esta prórroga, pero un recurso perante o Tribunal Supremo volveulle dar a razón a ENCE. Greenpeace denunciou esta resolución perante o Tribunal Constitucional.

Pero non é o único caso no que as Administracións non entenden que a natureza está conectada. Outro exemplo é o permiso dado pola Xunta para a vertedura de augas residuais da **mina San Finx** no regato das Rabaceiras, parte da rede fluvial que alimenta a ría de Muros e Noia, onde 1 500 familias de mariscadoras recollen o 70 % do berberecho que se produce en Galicia.

A mina deixouse de explotar en 1989 e anegouse con centos de miles de metros cúbicos de auga contaminada con metais pesados como cobre, cadmio ou zinc.



Malia que a concesionaria deixou de presentar os plans de labores mineiros no ano 2000, a Administración non declarou a caducidade das concesións. No 2009, unha nova empresa tratou de reactivar a explotación sen éxito. No 2015, Sacyr adquiriu a mina, pero desfíxose dela no 2021 e meteulle presión á Xunta para que lle outorgase a autorización de vertedura á actual propietaria, Tungsten San Finx S.L., pertencente á empresa australiana Pivotal Metals Ltd.¹

A autorización da Xunta permite que 890 000 metros cúbicos se baleiren e acaben na ría.² As verteduras realízanse sete quilómetros augas arriba da ría de Muros e Noia, no Zona Especial de Conservación Esteiro do Tambre. Augas de Galicia revogou o permiso de vertedura en abril de 2004, pero a solución definitiva pasa pola Consellería de Industria.³

O último proxecto que tamén vai ter un claro impacto no litoral galego é a unha **macrocelulosa en Palas de Rei (A Ulloa)**. A empresa Altri pretende construír unha planta para producir ata 400 000 toneladas de celulosa soluble e 200 000 de liocel, alén doutros subprodutos como biomasa e xeso. Esta instalación requirirá unha captación de auga de 46 000 m³/día, o que equivale ao consumo de toda a provincia de Lugo, e un permiso de vertedura industrial de augas residuais ao río Ulla de 30 000 m³/día. Tamén emitirá xofre reducido total, óxidos de xofre, óxidos de nitróxeno, monóxido de carbono e material particulado.

Así mesmo, afectará directamente a Rede Natura e os seus proxectos de ampliación. As súas máis de 360 hectáreas (dez veces o tamaño da celulosa

Ence), distan cero metros da ZEC Serra do Careón (ES1110014) e o punto de vertedura está moi preto, río arriba, da ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza (ES1140001). Alén diso, tamén poría en perigo a ZEC Sobreirais do Arnego (ES1140015), igualmente situada na cunca do río Ulla, e os ecosistemas mariños da ría de Arousa.

O proxecto ten todos os parabéns da Xunta de Galicia, que ademais planea obter fondos europeos para o seu financiamento sen ter en conta os habitantes da comarca da Ulloa. Esta industria suporía un enorme impacto no tecido socioeconómico tanto da comarca, eminentemente rural, agrogandeira e paso obrigado do Camiño de Santiago, como da Ría de Arousa, os seus bancos marisqueiros e a súa pesca tradicional. A ría de Arousa tamén podería ser afectada pola reapertura da Mina de Touro, que leva anos contaminando a conca do Ulla. A Xunta declarou o pasado xuño Proxecto Industrial estratéxico, tres anos despois de que a DIA do anterior proxecto resultase negativa.

O cambio climático e a contaminación son unha combinación perigosa en Galicia. Diversos estudos mostran como a **contaminación** presente nas rías vai pór a súa biodiversidade en perigo. A Xunta non publica datos actualizados sobre verteduras nas rías galegas, a falta de transparencia da Administración autonómica neste asunto é denunciante. Con todo, Augas de Galicia reconece preto de 2 000 verteduras na costa e polo menos un 10 % de contaminantes fóra dos límites legais, se ben as diferentes plataformas en defensa das rías afirman que son moitos máis.



ARRIBA. VERTIDOS DE PELLETS QUE CONTAMINARON A COSTA GALEGA EN XANEIRO. © Greenpeace/PabloBlazquez

ABAIXO. CONCENTRACIÓN DE BARCOS XUNTO AO ARCTIC SUNRISE. #ALTRINON. © Greenpeace/Pedro Armestre

¹ <https://www.ecologistasenaccion.org/wp-content/uploads/2023/06/informe-banderas-negras-2023.pdf>

² <https://www.elsaltodiario.com/medioambiente/lucha-defensa-del-mayor-banco-berberechos-galicia-vertidos-nos-van-dejar-futuro>

³ <https://praza.gal/politica/revogada-a-autorizacion-de-verteduras-da-mina-de-san-finx-tras-meses-de-incumplimentos-por-parte-da-empresa>

“TODO O QUE RODEA O CASO ENCE
ULIU SEMPRE MOI MAL. DESDE A SUA
PRIVATIZACIÓN TRASPASARONSE MOITAS
LIÑAS VERMELLAS, CON CAMBIOS DE
NORMATIVAS AD HOC, INDIGNANTES PORTAS
XIRATORIAS PROTAGONIZADAS POLOS
MAIS ALTOS CARGOS DE MEDIO AMBIENTE
E COSTAS, INFORMES AMBIENTAIS MOI
DISCUTIBLES, UN INCESANTE GREENWASHING
E MESMO O ESQUECIMENTO DE CONDENAS
POR DELITO ECOLÓXICO CONTINUADO”
MANOEL SANTOS. COORDINADOR DE GREENPEACE EN GALICIA



As rías de **Arousa, Vigo, Muros-Noia, Pontevedra ou Ferrol** son as máis castigadas. O saneamento integral das rías galegas é sen dúbida unha das grandes materias pendentes do ambiente galego, que ademais afecta directamente a pesca artesanal e a produción marisqueira, en grave crise nos últimos anos.⁴

Outro dos puntos negros da contaminación é a enorme **balsa de lodos de Alcoa**. A fábrica de aluminio de Alcoa en **San Cibrao** é unha historia de 40 anos de danos á saúde e ao ambiente, con verteduras de sosa cáustica ao mar e emisións de flúor entre outros contaminantes. A balsa de residuos estivo 32 anos sen un plan de emerxencia exterior e existe risco de rotura

**O ESTANQUE DE LODOS DE ALCOA LEVA
40 ANOS PREXUDICANDO
A SAÚDE E O MEDIO AMBIENTE.**

Fonte

do dique desta gran lagoa tóxica de 87 hectáreas e 42 hectómetros cúbicos de capacidade. A súa rotura suporía unha catástrofe para as persoas, pero tamén social e ecolóxica, debido ao impacto que tería tanto nos sectores pesqueiro e turístico como na Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental.⁵ Actualmente

⁴ <https://www.laopinioncoruna.es/galicia/2024/06/03/rias-galicia-soportan-1-900-103255837.html>

⁵ https://www.elconfidencial.com/espana/galicia/2020-06-08/balsa-lodos-rojos-san-cibrao-bomba-relojeria-alcoa_2629296/

existe un proxecto para ampliar a balsa, pero Ecoloxistas en Acción denunciou que o agrandamento se está realizando sen permisos.⁶

Un dos casos que máis se repite e que constitúe un dos paradigmas da excesiva permisividade da Xunta coa contaminación das rías galegas, xa sexa industrial ou urbana, é o da principal conserveira de Galicia: **Conservas Rianxeira-Jealsa**. Entre 2020 e 2022 foi multada tres veces por verteduras.

O importe das sancións foi ridículo: 14 500 euros (a súa cifra de negocio no ano 2020 foi de 713 millóns de euros) por verteduras á ría de Arousa. Na actualidade, a conserveira segue pendente dos tribunais, que dubidan de se cumpre as condicións da súa Autorización Ambiental Integrada (AAI).⁷

O quecemento da auga do océano Atlántico terá un grande impacto sobre o **mexillón** e as investigacións

prognostican que haberá que trasladar as bateas para evitar o estrés térmico, que nesta especie se traduce nun crecemento máis lento e nunha produtividade máis baixa. Ademais, o aumento da temperatura da auga fará que se incrementen nestes moluscos a acumulación de metais pesados como o cadmio, o chumbo ou o cromo, e polo tanto, a súa toxicidade.

Outro estudo mostra como a diminución da salinidade da auga mariña debida ás precipitacións extremas pode aumentar a mortalidade das **ameixas babosa, xaponesa e fina**. O **percebe** tamén está en perigo, sendo as áreas de Muxía e Pindo as máis vulnerables ao cambio climático. O cambio climático tamén está atraendo especies invasoras como o **cangrexo azul**, que supón unha grave ameaza para as rías pola súa voracidade e agresividade, o que compromete a supervivencia de bivalvos e crustáceos autóctonos como a **nécora** ou a **centola**.⁸

Os datos da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA) do ano pasado mostran a diminución da produción de bivalvos na última década.⁹

Puntos ameazados pola subida do nivel do mar no 2030

A erosión e a subida do nivel do mar representan graves ameazas para o litoral galego. No escenario actual de ritmo de subida do nivel do mar e contaminación e segundo o consenso científico establecido no *Sexto Informe de Avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas* (IPCC 2021)¹⁰, a erosión e a subida do nivel do mar afectarán a distintos tramos da costa.

As proxeccións efectuadas no devandito estudo calculan un razoable aumento do nivel do mar de 20 a 30 centímetros ata o ano 2050 e de 50 a 70 centímetros ata o horizonte do 2100.

Especie	Produción media (toneladas/ano)	Produción 2022 (toneladas)	Diferenza
Ameixa fina	329	134	-59,3%
Almeixa babosa	556	176	-68,4%
Almeixa rubia	292	94	-68,8%
Berberecho	716	553	-22,7%
Ameixa xaponesa	1.329	1.355	-12,5%

Fonte: elaboración propia con datos da PDRA.

⁶ <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2024/03/23/xunta-comprueba-alcoa-amplio-autorizacion-balsa-lodos/00031711202993117819456.htm>

⁷ <https://praza.gal/politica/o-tsxg-ve-indicios-de-que-jealsa-incumpre-o-seu-permiso-ambiental-e-ordena-abrir-un-expediente-sancionador>

⁸ <https://www.publico.es/luzes/emergencia-climatica-galicia.html>


⁹ <https://pontevedraviva.com/xeral/96194/43-colectivos-alertan-declive-marisqueo-ria-arousa/>


¹⁰ https://www.ipcc.ch/report/ar6/wg1/downloads/report/IPCC_AR6_WG1_SPM_Spanish.pdf

GALIZA

PUNTOS AMEAZADOS POLA SUBIDA DO NIVEL DO MAR NO 2030

Font






Ponteceso ()

Carnota ()

Ría de Muros e Noia ()

Ría de Arousa ()



Parque Natural das Dunas de Corrubedo e as Lagoas de A Fougaz e Caramiñal

Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia

Parque Natural do Monte Aloia

Oceano

Pontevedra

Vigo

A Guarda

ESPAÑA

PORTUGAL

PORTUGAL

ESPAÑA

PORTUGAL